

**Disposición transitoria quinta. *Adecuación de unidades docentes.***

As unidades docentes acreditadas para a formación en especialidades de enfermaría con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberanse adaptar ao disposto neste no prazo de tres anos, contado desde a aprobación dos novos requisitos de acreditación da correspondente especialidade.

**Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.***

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto e, especialmente:

- a) O Real decreto 992/1987, do 3 de xullo, polo que se regula a obtención do título de enfermeiro especialista.
- b) A Orde do Ministerio da Presidencia, do 24 de xuño de 1998, pola que se desenvolve o Real decreto 992/1987, do 3 de xullo, sobre a obtención do título de enfermeiro especialista. Non obstante, continuarán transitoriamente vixentes, mentres non se desenvolve o previsto neste real decreto, os seus artigos 7, 8 e 9.

**Disposición derradeira primeira. *Título competencial.***

Este real decreto apróbase en uso das competencias que lle atribúe en exclusiva ao Estado o artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución para regular as condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais, e conforme as que a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, asigna o Goberno para a creación, cambio de denominación e supresión das especialidades sanitarias e para a determinación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos correspondentes.

**Disposición derradeira segunda. *Normas de desenvolvemento.***

Os ministros de Educación e Ciencia e de Sanidade e Consumo adoptarán, conxuntamente ou no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións que resulten necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.***

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de abril de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

**7355** *ORDE PRE/1216/2005, do 29 de abril, pola que se regula a xestión de determinada produción de azucre exenta do pagamento da cotización á produción. («BOE» 108, do 6-5-2005.)*

O Regulamento (CE) n.º 314/2002, da Comisión, do 20 de febreiro de 2002, polo que se establecen disposicións de aplicación do réxime de cotas no sector do azucre, dispuxo no punto 2, letras f) e h), do artigo 1, que as cantida-

des de azucre invertido e de xaropes que fosen destinadas á súa transformación en alcohol ou en ron, respectando os criterios de pureza e contido fixados nel, non entrarían no cálculo da produción de azucre para efectos do pagamento das correspondentes cotizacións á produción.

Este regulamento modificouse recentemente polo tamén Regulamento (CE) n.º 38/2004 da Comisión, do 9 de xaneiro, mediante a adopción dunha serie de medidas que afectan, entre outros, tres aspectos básicos daquela regulación: en primeiro lugar, a extensión da medida exonerativa do cálculo de produción de azucre ás cantidades de xaropes que se destinarán á produción de lévedos vivos; en segundo lugar, o establecemento dun sistema de control das empresas de transformación de azucre en alcohol ou en ron ou de produción de lévedos mediante a súa pertinente acreditación; e, en terceiro lugar, e respecto das empresas produtoras de azucre, a obriga de formular declaracións con carácter previo ás entregas do produto con destino á súa transformación en alcohol, en ron, á produción de lévedos, así como á produción de xaropes para untar e para transformar en Rinse Appels-troop.

No ámbito interno, o Real decreto 214/1987, do 16 de xaneiro, establece unha serie de medidas para a liquidación, recadación e control da cotización sobre a produción do azucre e isoglicosa e a cotización para a compensación dos gastos de almacenamento no sector do azucre, facultando, de maneira conxunta, os Ministerios de Economía e Facenda, de Agricultura, Pesca e Alimentación e o actual Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, entón Ministerio de Industria e Enerxía, para o establecemento dos libros, rexistros e demais obrigas formais que deban cumprir as empresas azucreiras e de isoglicosa; así mesmo, autorizábase os devanditos departamentos para que, no ámbito das súas respectivas competencias, puidesen ditar as procedentes disposicións de desenvolvemento.

En cumprimento daquel mandato, a Orde do 25 de setembro de 1987 do Ministerio de Economía e Facenda regula a xestión das cotizacións e da exacción reguladora sobre o azucre e a isoglicosa, con determinación, para o efecto, das competencias e facultades atribuídas na materia á Aduana Xestora e ás oficinas de control do azucre. Entre as cotizacións, cuxa xestión se regula na devandita orde, figura a cotización para a compensación dos gastos de almacenamento, a cal quedou suprimida, ao non recollerse esta na nova Organización Común de Mercados no sector do azucre establecida no Regulamento (CE) n.º 1260/2001 do Consello, do 19 de xuño de 2001.

No uso da competencia atribuída e de conformidade co establecido no artigo 25.f) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, ministro de Industria, Turismo e Comercio e Ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Primeiro. *Ámbito de aplicación.***—As disposicións da presente orde son de aplicación ás producións de azucre, exentas do pagamento de cotización á produción, que se indican nas letras f) e h) do punto 2 do artigo 1 do Regulamento (CE) 314/2002.

**Segundo. *Acreditación e compromisos das empresas transformadoras.***

**1. Acreditación.**

As empresas que utilicen azucre invertido e xaropes, para a súa transformación en alcohol ou en ron, así como xaropes para a produción de lévedos vivos ou para a súa transformación en xaropes para untar e «rinse appels-troop», deberán presentar unha solicitude de acreditación conforme o modelo que figura no anexo I da presente orde.

A anterior solicitude formularase ante os servizos de Aduanas e Impostos Especiais da delegación correspondente da Axencia Estatal de Administración Tributaria do lugar onde radique o establecemento da empresa de transformación (en diante oficina de control).

## 2. Compromisos.

A empresa transformadora ou produtora comprometerase en particular a:

a) levar unha contabilidade de existencias diaria separada para as cantidades de materias primas recibidas, almacenadas e consumidas, e de produtos transformados,

b) presentar, por instancia dos servizos dependentes do Departamento de Aduanas e Impostos Especiais, toda información ou elemento xustificativo para a xestión e o control da orixe e da utilización das materias primas,

c) permitirlles aos servizos citados anteriormente efectuar os controis administrativos e físicos adecuados.

Terceiro. *Concesión da acreditación.*—A acreditación pola oficina de control seralles concedida ás empresas que o soliciten e que cumpran cos requisitos establecidos no anterior punto segundo. A acreditación será conforme o modelo que figura no anexo II.

Para os efectos da concesión da acreditación, a Dependencia Rexional de Aduanas e Impostos Especiais do lugar onde radique o establecemento da empresa transformadora ou produtora realizará os controis necesarios para coñecer o proceso de produción e determinar se a empresa cumpre os criterios adecuados.

## Cuarto. *Obrigas formais.*

### 1. Contabilidade de existencias.

1.1 As empresas transformadoras ou produtoras levarán separadamente libros de contabilidade de primeiras materias e de fabricación. Estes libros deberán estar foliados e serán habilitados pola oficina de control. Se é o caso, poderase autorizar unha contabilidade informática dos devanditos libros.

1.1.1 No cargo do libro de primeiras materias sentaranse diariamente as cantidades de azucre invertido e/ou xarope entradas na fábrica. No cargo deberán encher as seguintes columnas: data, NIF do remitente, nome ou razón social, cantidade do produto recibido con separación en dúas columnas do azucre invertido ou xarope e da cantidade de azucre branco equivalente, peso neto. Estes asentos xustificaranse co parte de recepción.

Na data do libro sentaranse diariamente as cantidades de azucre invertido e/ou xarope que pasan ao proceso de fabricación de alcohol, ron, lévedos vivos, xaropes para untar e «rinse applestroop».

1.1.2 No libro de fabricación serán anotadas diariamente pola empresa transformadora ou produtora as cantidades obtidas de alcohol, ron, lévedos vivos, xaropes para untar e «rinse applestroop». No caso das lévedos vivos, a anotación da produción, expresada como lévedo ao 30% de materia seca, corresponderá á do día anterior.

1.2 Malia o establecido no punto 1.1 anterior, para as empresas que utilicen azucre invertido e/ou xaropes para a súa transformación en alcohol ou en ron, a obriga recollida nel rexerese consonte o disposto no Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos impostos especiais, ao estaren sometidas as actividades das devanditas empresas á Intervención dos Impostos Especiais de Fabricación.

### 2. Declaracións previas de entrega.

2.1 Antes do vinte e cinco de cada mes ou día laborable seguinte, as empresas fabricantes de azucre que se quixesen acoller ao previsto nas letras f) e h) do punto 2 do artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 314/2002, da Comi-

sión, deberán presentar na súa oficina de control, a cal procederá a remitirla á oficina de control do lugar onde se vai realizar a transformación, unha declaración previa da cantidade estimada das entregas de azucre invertido e/ou de xaropes, que se van efectuar durante o mes seguinte, segundo o modelo que figura no anexo III.

A oficina de control comprobará que os destinatarios están acreditados. En caso de existir un ou varios destinatarios sen acreditación, tal circunstancia comunicáraselle ao declarante para efectos da non-aplicación do beneficio indicado aos envíos que realice a tales destinatarios.

2.2 As empresas fabricantes de azucre e/ou xarope que teñan asignada cota remitirán, con 24 horas de antelación a cada envío e en todo caso antes da saída do medio de transporte, tanto á súa oficina de control como á oficina de control do lugar onde se vai realizar a transformación ou produción, un parte de entrega, por fax ou calquera outro medio telemático, en que se indique a cantidade de azucre invertido e/ou xarope que se vai enviar e o seu destinatario.

2.3 As empresas transformadoras ou produtoras acreditadas deberánlle comunicar, por fax ou por calquera outro medio telemático, á súa oficina de control, no momento de recepción do envío, a cantidade de azucre invertido e/ou xarope recibido e o seu subministrador. Ademais, no caso de que os procesos de transformación ou de produción non sexan continuos, deberán comunicar, con 24 horas de antelación ao inicio da fabricación, as cantidades de azucre invertido e/ou xarope que se van utilizar.

### 3. Comunicacions por parte das empresas.

3.1 Dentro dos cinco primeiros días de cada mes, as citadas empresas transformadoras ou produtoras comunicaranlle á oficina de control a produción obtida no mes anterior de alcohol ou ron, expresado en alcohol puro e desagregado en alcohol carburante, en ron e noutros alcohois, de lévedos, expresado en lévedos comprimidos, de xaropes para untar e de «rinse appelstroop».

3.2 As empresas fabricantes de azucre comunicaranlle á súa oficina de control, antes do 1 de xullo de cada ano, as cantidades de azucre invertido e de xaropes, expresadas en peso neto e en equivalente de azucre branco, entregadas para a súa transformación durante a campaña de comercialización anterior.

A comunicación farase por cuadruplicado, conforme o modelo que figura no anexo IV.

## Quinto.—*Actuacións dos servizos de aduanas.*

### 1. Controis.

1. As dependencias rexionais de Aduanas e Impostos Especiais do lugar onde radique a empresa transformadora efectuarán ao longo de cada campaña de comercialización controis físicos e administrativos in situ, sen previo aviso, nas empresas transformadoras.

1.1 Os controis físicos deberán representar polo menos o 10% das devanditas cantidades recibidas. Tales controis terán como obxecto comprobar, mediante tomas de mostras para a súa análise consonte o disposto na Orde do Ministerio de Facenda 2320/2003, do 31 de xullo, de análise e emisión de ditames polos laboratorios de Aduanas e Impostos Especiais, as materias primas que se utilizan no proceso de transformación ou produción ou que se encontran almacenadas en silos ou noutros depósitos. Cando se trate da produción de lévedos, deberase comprobar así mesmo a humidade do produto obtido.

En caso de observaren que se cometeron irregularidades, a porcentaxe de controis mencionados anteriormente aumentarase en función da gravidade da irregularidade constatada.

Os controis físicos estarán baseados en criterios de análise de risco, que terán en conta, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) as observacións efectuadas en anos anteriores.
- b) a evolución da produción, en comparación co ano anterior.
- c) o rendemento entre a materia prima utilizada e o produto obtido da súa transformación.

O Departamento de Aduanas e Impostos Especiais poderá dar, se é o caso, instrucións sobre criterios complementarios de análise de risco.

1.2 Os controis administrativos levaranse a cabo sobre os libros de contabilidade e demais xustificantes documentais, tendo en conta as declaracións previas de entrega de azucre invertido e/ou de xaropes presentadas polas empresas subministradoras destas materias e as cantidades efectivamente producidas polas empresas acreditadas.

## 2. Comunicacións.

2.1 As oficinas de control do lugar onde radiquen os establecementos das empresas fabricantes de azucre enviaranlle, antes do 5 de xullo de cada ano, á Dependencia Provincial de Aduanas e Impostos Especiais de Madrid, na súa condición de oficina xestora centralizadora na materia (en diante Aduana Xestora), os exemplares da comunicación para a aduana xestora e para o Departamento de Aduanas e Impostos Especiais que figuran no anexo IV, en que se farán constar as cantidades de azucre invertido e xaropes, expresadas en peso neto e o seu equivalente en azucre branco, entregadas para transformación ou produción durante a campaña de comercialización anterior.

2.2 Así mesmo, as oficinas de control do lugar onde radiquen as empresas transformadoras ou produtoras comunicaranlle ao Departamento de Aduanas e Impostos Especiais, antes do 5 de xullo de cada ano, para o seu traslado á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, as producións obtidas durante a campaña de comercialización anterior de:

alcohol, expresadas en alcohol puro e desagregadas en alcohol carburante, en ron e noutros alcohois, lévedos vivos, expresadas en lévedos comprimidos, xaropes para untar e «rinse appelstroop».

2.3 Os resultados obtidos dos controis efectuados e o seguimento realizado serán comunicados polas dependencias rexionais de Aduanas e Impostos Especiais, antes do 5 de xullo seguinte a cada campaña de comercialización, á Subdirección Xeral de Xestión Aduaneira do Departamento de Aduanas e Impostos Especiais, co fin do seu traslado á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2.4 A aduana xestora remitiralle á Subdirección Xeral de Xestión Aduaneira do Departamento de Aduanas e Impostos Especiais, antes do 15 de xullo de cada ano, para o seu posterior traslado á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o exemplar da comunicación para enviar ao Departamento de Aduanas e Impostos Especiais que figura no anexo IV, en que se indicarán as cantidades de azucre de produción exenta, correspondentes á campaña de comercialización anterior, que resulten da aplicación das letras f) e h) do punto 2 do artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 314/2002.

## Sexto. Irregularidades e réxime tributario.

1. As irregularidades ou o non-respecto das condicións de acreditación por parte da empresa transformadora, de que se tivese constancia ou que se observen como consecuencia dos controis efectuados, a que se refire o anterior punto quinto, darán lugar, con independencia doutras medidas sancionadoras que se poidan adoptar ao caso, á retirada por parte da oficina de control do lugar onde radique o seu establecemento da acreditación previa outorgada ao respecto. Esta retirada afectará tanto a campaña de comercialización en curso como a campaña de comercialización seguinte. Unha vez transcorrido o período sen acreditación, a empresa de que se trate poderá presentar unha nova solicitude para a súa acreditación.

2. A retirada da acreditación pola oficina de control seralle notificada á empresa transformadora ou produtora e comunicada tanto ás empresas fabricantes de azucre que lle subministrasen os produtos como aos restantes órganos administrativos afectados pola medida.

Desde o momento da notificación, calquera envío de cantidades de azucre e/ou xarope á empresa transformadora ou produtora á cal se lle retirou a acreditación non se computará como produción exenta do pagamento da cotización á produción.

3. En caso de que non se utilizasen as cantidades de azucre e/ou xarope recibidas na transformación en alcohol, ron, xaropes para untar e «rinse appelstroop» ou na produción de lévedos, non se computarán as devanditas cantidades como produción exenta do pagamento da cotización á produción, comunicándose á Aduana Xestora para que esta proceda á liquidación da cotización que corresponda.

4. Así mesmo, en caso de se comprobar que, por parte das empresas azucreiras, foron formuladas declaracións incorrectas de entregas de azucre invertido e/ou de xarope ou se produciron desviacións de azucre, con vistas a eludir o pagamento da cotización de produción, as devanditas actuacións cualificaranse e sancionaranse consonte o disposto na Lei xeral tributaria e demais disposicións concordantes.

Sétimo. *Derrogación.*—Queda derrogado pola presente orde o artigo 4.º da Orde do 25 de setembro de 1987 do Ministerio de Economía e Facenda, relativo á cotización para a compensación para os gastos de almacenamento.

Oitavo. *Habilitación.*—Queda facultado o Departamento de Aduanas e Impostos Especiais, da Axencia Estatal de Administración Tributaria, para ditar cantas normas de desenvolvemento sexan procedentes en mellor aplicación do establecido.

Noveno. *Entrada en vigor.*—A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de abril de 2005.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Sr. Vicepresidente Segundo do Goberno e Ministro de Economía e Facenda, Sr. Ministro de Industria Turismo e Comercio e Sra. Ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación.

## ANEXO I

**SOLICITUDE DE ACREDITACIÓN PARA A UTILIZACIÓN DE AZUCRE INVERTIDO E/OU XAROPES DE AZUCRE PARA EFECTOS DO ARTIGO 1 BIS DO R(CE) N° 314/2002**

D./Dña. .... con DNI .....  
 En representación da empresa .....<sup>1</sup>  
 Con domicilio fiscal en ..... r/ .....  
 N° ..... CP ..... e CIF ..... e CAE .....

DECLARA:

1.- Que a súa actividade é a produción de: .....

2.- Que utiliza as materias primas seguintes: .....

3.- Que vai utilizar azucre invertido e/ou xarope de azucre para a elaboración de:

.....

4.- Que as instalacións e /ou almacéns se encontran en:

| Provincia | Municipio | Enderezo | Almacén/Fábrica(1) |
|-----------|-----------|----------|--------------------|
| .....     | .....     | .....    | .....              |
| .....     | .....     | .....    | .....              |

(1)A almacén, F fábrica

5.-Que a empresa azucreira subministradora é: .....

6.-Que no ano 2003 tivo unha produción de : .....

.....t de .....

.....t de .....

7.-Que se compromete a cumprir as condicións establecidas nas letras a), b) e c) do artigo 1 bis do R(CE) n° 314/2002 e na Orde ministerial.....

8. Que se xunta "Memoria técnica" do proceso de transformación.

SOLICITA:

**ACREDITACIÓN** como empresa usuaria de azucre invertido e /ou xarope de azucre para efectos do regulamento citado.

....., .....de .....de 200.....

Asdo.:.....

OFICINA DE CONTROL DE.....

<sup>1</sup> Xúntase documento acreditativo da representación

## ANEXO II

**ACREDITACIÓN PARA A UTILIZACIÓN DE AZUCRE INVERTIDO E/OU XAROPES  
DE AZUCRE PARA EFECTOS DO ARTIGO 1 BIS DO R(CE) N° 314/2002**

En virtude da Orde ministerial..... CONCÉDESELLE á empresa transformadora..... con CIF..... e domicilio fiscal en ..... a ACREDITACIÓN solicitada con data .....

..... de ..... de 200

Asdo.:

OFICINA DE CONTROL.....

## ANEXO III

DECLARACIÓN PREVIA DE ENTREGA DE AZUCRE INVERTIDO E/OU XAROPE DE AZUCRE PARA EFECTOS DO ARTIGO 1 BIS DO R(CE) Nº 314/2002<sup>2</sup>

Nome da empresa azucreira:

CIF:

Domicilio fiscal

DECLARA QUE SUBMINISTRARÁ OS SEGUINTE PRODUTOS

1. Natureza e cantidade do produto que se vaia entregar, expresada en peso neto e en equivalente de azucre branco:

.....

2.-Transformador acreditado e lugar da transformación dos produtos entregados .....

.....

3. Calendario previsible de entregas ao lugar de transformación:

Data..... Lugar.....

.....

.....

PRESENTA ESTA DECLARACIÓN PREVIA para efectos do disposto no artigo 1 bis do Regulamento (CE) nº 314/2002.

COMPROMÉTESE a cumprir as condicións establecidas no artigo 1 bis do Regulamento (CE) 314/2002 para a empresa azucreira subministradora.

En .....o.....de.....de 200.....

Asdo.:.....

OFICINA DE CONTROL.....

<sup>2</sup> En caso de entregas simultáneas de azucre invertido e de xaropes, presentaranse declaracións separadas

## ANEXO IV

**DECLARACIÓN DA CANTIDADE TOTAL DE AZUCRE EXENTA ENTREGADA CON CARGO A UNHA  
DETERMINADA CAMPAÑA DE COMERCIALIZACIÓN DO AZUCRE**

|   |   |
|---|---|
| DELEGACIÓN DA AXENCIA ESTATAL<br>DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA DE<br>----- | <b>Azucres exentos para efectos de aplicación das letras f) e h) do<br/>punto 2 do art. 1 do Regulamento(CE) 314/2002</b> |
| DEPENDENCIA PROVINCIAL DE<br>Aduanas e Impostos Especiais<br>-----        | FOLLA DE CONTROL  |

|                       |   |
|-----------------------|---|
| CAMPAÑA 2...../2..... | AZUCRE INVERTIDO..... <input type="checkbox"/><br>XAROPES..... <input type="checkbox"/> |
|-----------------------|---|

|                |                                 |            |           |
|----------------|---------------------------------|------------|-----------|
| Suxeito pasivo | Apelidos e nome ou razón social | DNI/CIF.   |           |
|                | Nome e domicilio da fábrica     | Localidade | Provincia |
|                | Domicilio fiscal da empresa     | Localidade | Provincia |

|  |                                      |
|--|--------------------------------------|
| Cantidade total de azucres invertidos en Qm (en peso neto) | Equivalente en azucres brancos en Qm |
| Cantidade total de xaropes en Qm (en peso neto)            | Equivalente en azucres brancos en Qm |

....., .....de .....de 2.....

Data e sinatura

## DILIXENCIAS

|   |                 |
|---|-----------------|
| <b>Resultado das comprobacións pola oficina de control.</b> |                 |
|   |                 |
| Pola empresa  | O/A inspector/a |

OFICINA DE CONTROL DE.....

Exemplar para o interesado

## ANEXO IV

## DECLARACIÓN DA CANTIDADE TOTAL DE AZUCRE EXENTA ENTREGADA CON CARGO A UNHA DETERMINADA CAMPAÑA DE COMERCIALIZACIÓN DO AZUCRE

|   |   |
|---|---|
| DELEGACIÓN DA AXENCIA ESTATAL<br>DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA DE<br>----- | Azucres exentos para efectos de aplicación das letras f) e h) do<br>punto 2 do art. 1 do Regulamento(CE) 314/2002 |
| DEPENDENCIA PROVINCIAL DE<br>Aduanas e Impostos Especiais<br>-----        | FOLLA DE CONTROL  |

|                       |  |
|-----------------------|--|
| CAMPAÑA 2...../2..... | AZUCRE INVERTIDO..... <input type="checkbox"/> |
|                       | XAROPES..... <input type="checkbox"/>          |

|                |                                 |            |           |
|----------------|---------------------------------|------------|-----------|
| Suxeito pasivo | Apelidos e nome ou razón social | DNI/CIF.   |           |
|                | Nome e domicilio da fábrica     | Localidade | Provincia |
|                | Domicilio fiscal da empresa     | Localidade | Provincia |

|  |                                      |
|--|--------------------------------------|
| Cantidade total de azucres invertidos en Qm (en peso neto) | Equivalente en azucres brancos en Qm |
| Cantidade total de xaropes en Qm (en peso neto)            | Equivalente en azucres brancos en Qm |

....., .....de .....de 2.....

Data e sinatura

## DILIXENCIAS

|  |                 |
|--|-----------------|
| Resultado das comprobacións pola oficina de control. |                 |
| Pola empresa   | O/A inspector/a |

OFICINA DE CONTROL DE.....

Exemplar para o Oficina de Control



## ANEXO IV

**DECLARACIÓN DA CANTIDADE TOTAL DE AZUCRE EXENTA ENTREGADA CON CARGO A UNHA DETERMINADA CAMPAÑA DE COMERCIALIZACIÓN DO AZUCRE**

|   |   |
|---|---|
| DELEGACIÓN DA AXENCIA ESTATAL<br>DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA DE<br>----- | Azucres exentos para efectos de aplicación das letras f) e h) do<br>punto 2 do art. 1 do Regulamento(CE) 314/2002 |
| DEPENDENCIA PROVINCIAL DE<br>Aduanas e Impostos Especiais<br>-----        | FOLLA DE CONTROL  |

|                       |   |
|-----------------------|---|
| CAMPAÑA 2...../2..... | AZUCRE INVERTIDO..... <input type="checkbox"/><br>XAROPES..... <input type="checkbox"/> |
|-----------------------|---|

|                |                                 |            |           |
|----------------|---------------------------------|------------|-----------|
| Suxeito pasivo | Apelidos e nome ou razón social | DNI/CIF.   |           |
|                | Nome e domicilio da fábrica     | Localidade | Provincia |
|                | Domicilio fiscal da empresa     | Localidade | Provincia |

|  |                                    |
|--|------------------------------------|
| Cantidade total de azucre invertido en Qm (en peso neto) | Equivalente en azucre branco en Qm |
| Cantidade total de xaropes en Qm (en peso neto)          | Equivalente en azucre branco en Qm |

....., .....de .....de 2.....

Data e sinatura

## DILIXENCIAS

|  |                 |
|--|-----------------|
| Resultado das comprobacións pola oficina de control. |                 |
| Pola empresa   | O/A inspector/a |

OFICINA DE CONTROL DE.....

Exemplar para a Aduana xestora

## ANEXO IV

## DECLARACIÓN DA CANTIDADE TOTAL DE AZUCRE EXENTA ENTREGADA CON CARGO A UNHA DETERMINADA CAMPAÑA DE COMERCIALIZACIÓN DO AZUCRE

|   |   |
|---|---|
| DELEGACIÓN DA AXENCIA ESTATAL<br>DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA DE<br>----- | Azucres exentos para efectos de aplicación das letras f) e h) do<br>punto 2 do art. 1 do Regulamento(CE) 314/2002 |
| DEPENDENCIA PROVINCIAL DE<br>Aduanas e Impostos Especiais<br>-----        | FOLLA DE CONTROL  |

|                       |   |
|-----------------------|---|
| CAMPAÑA 2...../2..... | AZUCRE INVERTIDO..... <input type="checkbox"/><br>XAROPES..... <input type="checkbox"/> |
|-----------------------|---|

|                |                                 |            |           |
|----------------|---------------------------------|------------|-----------|
| Suxeito pasivo | Apelidos e nome ou razón social | DNI/CIF.   |           |
|                | Nome e domicilio da fábrica     | Localidade | Provincia |
|                | Domicilio fiscal da empresa     | Localidade | Provincia |

|  |                                      |
|--|--------------------------------------|
| Cantidade total de azucres invertidos en Qm (en peso neto) | Equivalente en azucres brancos en Qm |
| Cantidade total de xaropes en Qm (en peso neto)            | Equivalente en azucres brancos en Qm |

....., .....de .....de 2.....

Data e sinatura

## DILIXENCIAS

|  |                 |
|--|-----------------|
| Resultado das comprobacións pola oficina de control. |                 |
| Pola empresa   | O/A inspector/a |

OFICINA DE CONTROL DE.....

Exemplar para enviar ao Departamento de Aduanas e Impostos Especiais pola Aduana xestora